

## A MONARQUÍA SUEVO-GALAICA E A SÚA ORGANIZACIÓN ECLESIAÍSTICA: PARROQUIAS E MOSTEIROS

Galicia débelle á monarquía suevo-galaica a súa organización parroquial, que aínda hoxe en día sigue sendo a base fundamental da súa estrutura administrativa e social. Esta vella organización parroquial sueva é obra dos Concilios nacionais suevos e do rei Teodomiro a comezos do século VI; e, polo mesmo tempo en que a *Gallaecia* sueva organizaba a súa Igrexa secular, a súa sé metropolitana, as súas diócesis episcopais e as súas parroquias, comenzaba tamén San Martiño de Braga, alma da división parroquial galega, a fundación dos primeiros mosteiros galegos, os cuales, como a división parroquial, foron os primeiros da Península, xa que no resto de España non se levóu a cabo a *división parroquial* deica o reinado de Wamba (672-681), máis dun século despóis que a galega, e os primeiros mosteiros visigodos son do reinado de Recaredo (586-601), reinado no que se produciu a fusión dos elementos xermánicos e dos hispano-románs que vivían na monarquía visigoda.

Unha das notas características e distintivas da organización eclesiástico-administrativa galego-sueva de Galicia, así como tamén das súas fundacións monacales foi o respecto que tiveron os suevos pola tradición celto-cristiana da *Gallaecia*, na que o cristianismo, como nos outros pobos celtas occidentais (Irlanda e Escocia), estaba impregnado de creencias e costumes célticas, poisque, tralos nomes de moitas das novas parroquias cristianas están os antigos clans célticos; e, por outra banda, algunhas das fundacións monacales máis importantes de Galicia, do século VI na época sueva, e no VII, na visigoda, están unidos a vellos santuarios precristiáns, célticos, nos que se adoraba á natureza nalgunha das súas formas (fontes, pedras, montes, bosques, etc.).

A Igrexa española sufríu unhas vicisitudes moi distintas desde a caída do Imperio román na Galicia e no resto de España. Na Galicia, invadida e dominada polos suevos que se asentaron permanentemente nela, e no resto de España conquistada e dominada polos visigodos. Hai dous rasgos importantes que distinguen unha e outra historia, a da Igrexa visigoda en España e da sueva na *Gallaecia*. O primeiro deles é o asentamento en Galicia dos suevos que nunca máis se separaron dela hastra que foron conquistados polos visigodos des-

póis de máis de século e medio de vida da monarquía sueva, e este asentamento permanente en Galicia déulles aos suevos unha meirande compenetración coas crencias e costumes da terra. Mentres que os visigodos, establecidos nas Galias durante o século V e a metade do século VII, e só asentados en España cuando foron expulsados das Galias polos francos no reinado de Clodoveo estiveron sempre máis en contacto con mundos alleos a España que propiamente españois, e aínda unha vez asentados na Península seguiron recibindo unha grande influencia bizantina, das colonias bizantinas, que os propios visigodos axudaran a establecérense no sul e no este da Península.

O mundo suevo compenetrouse totalmente coa *Gallaecia*, da que fixo a súa razón de ser e a súa vida, a cual na época da invasión sueva do seu territorio, a comenzos do século V, estaba nun período de florecemento cultural hispano-román, que contaba coas dúas principáis figuras de este tempo: o historiador Paulo Orosio, amigo de San Agostiño, residente en Roma e máis avencellado á Roma Imperial que á lonxana provincia de *Gallaecia*, onde nacera, e Idacio, natural de Tuy, bispo da actual Chaves, en Portugal, arraizado entrañablemente coa súa terra e as súas xentes, polas que loitou como un teimudo diplomático para salvaras da invasión sueva, procurando a axuda militar romano-gala e, ao nona poder conseguir, buscando un entendemento cos propios conquistadores.

O mundo suevo, establecido en Galicia, cortou totalmente as súas raíces cos outros pobos xermánicos de Europa e botou unhas novas no chan galego enxertándose no vello árbol da súa vida social e cultural galego-romana, sobre todo a partir do reinado de Requiario (448), cúa conversión ao catolicismo serviu para que se levara a cabo xa a mediados do século V a fusión dos distintos elementos raciais da poboación galega, moito tempo antes que nos outros pobos da Europa occidental, sobre todo os visigodos que non se levou a cabo deica o reinado de Recaredo (586) e a dos francos deica o de Clodoveo (503) a comenzos do século VI. Visigodos e ostrogodos tardaron moito tempo en sentir a necesidade de se fusionaren cos pobos romanizados que tiñan conquistado. Os suevos anticipáronselles en moitos anos en sentila e en se identificaren coa cultura e tradicións da poboación celto-romana coa que convivían.

É moi distinta a historia das relacións das dúas monarquías xermánicas establecidas en España a partir do século V, a sueva e a visigoda, relacións coa Igrexa que revelan unha maior e máis continúa compenetración entre a Igrexa e a monarquía sueva, e un maior alonxamento e interrupción nas que tivo a monarquía visigoda coa Igrexa española.

En primeiro lugar os suevos convertíronse ao catolicismo no reinado do rei Requiario (448-457), o que produciu xa moi ao comenzo do establecemento dos suevos na *Gallaecia* unha pronta fusión dos dous elementos da súa poboación, o xermano-suevo, e máis o galaico-román, que só foi parcialmente interrompida pola conversión ao arrianismo do rei suevo Remismundo (465), xa que como indican os historiadores españois deste período “durante el siglo arriano de la monarquía sueva (de Remismundo a Charriarico) se mantuvo la organización eclesiástica, pues en el momento de la segunda conversión (la de Charriarico) aparece pujante como se ve en los Concilios 1, 2 y 3 de Braga”<sup>1</sup>.

En cambio, nos dous séculos, casi aproximadamente, de arrianismo visigodo a Igrexa mantívose ao marxe do Estado, moitas veces hostilizada por el e vivindo en precario, o que non permitiu o seu desenvolvemento tanto da Igrexa secular como da monacal. Esta e non outra é a razón de que non se fixera a División parroquial da España visigoda deica o reinado de Wamba, cuando xa en Galicia levaba máis dun século funcionando.

O arrianismo visigodo era unha das manifestacións do orientalismo cultural e relixioso deste pobo xermánico chegado a España do Oriente e non do Occidente, da súa maior vinculación e contacto co Imperio román do Oriente, máis que co de Occidente, e como consecuencia de unha maior influencia da Igrexa romana oriental, coas súas desviacións e herexías, que coa occidental.

A relación dos visigodos coa Igrexa bizantina era moi antiga e tiña comenzado antes de que se lanzara a gran emigración que os trouxo ao Occidente de Europa. Produciuse desde o primeiro intre da formación do Imperio de Oriente no século IV por ser os visigodos, establecidos no que é hoxe a Besarabia e a Ucraña rusas, veciños de ese Imperio. Máis tarde, a esa vella relación, engadíuse, xa establecidos os visigodos en España, a nova cuando os visigodos, que nunca perderan os seus vellos contactos cos bizantinos os chamaron na súa axuda, no reinado de Atanagildo, a quen axudaron para poñelo no trono e establecerse en Toledo, e como recompensa da súa axuda deu Atanagildo aos seus aliados territorios largacións na Bética e na Cartaginense que pasaron a ser verdadeiras colonias de Bizancio no sul e este da Península.

Moitos dos visigodos máis ilustres dos séculos VI e VII, como San Leandro e San Isidoro, ambos irmáns e ambos ar-

---

<sup>1</sup> Instituciones económicas, sociales, político-administrativas de la Península hispánica durante los siglos V, VI y VII. M. Torres López, Octavio Gil, R. Prieto Bances, R. Gisbert, en *Historia de España*. Dirigida por Menéndez Pidal, vol. III, 299.

cebispos de Sevilla, eran bizantinos de raza e de cultura e educáronse en Bizancio; e representan unha nova forma da influencia bizantina na cultura visigoda, moi visible en tódalas formas desa cultura desde a escritura, emparentada coa bizantina, ás artes e ás letras.

Os suevos, en cambio, non estiveron endexamáis en contacto con culturas orientáis europeas. Rotas as súas amarras co pobo xermánico da súa procedencia no sul da Alemaña, as súas relacións limitáronse ás que tiñan en España e as Galias cos visigodos e tamén cos francos, sobre todo a partir da conversión ao catolicismo de Clodoveo (503).

En Galicia produciuse antes que nas demais partes da Península a fusión de tódolos componentes raciáis e culturáis dos varios pobos que había nela. Comenzada esta fusión no reinado de Requiario, xa a meados do século V, completóuse e intensificóuse un século máis tarde, nos de Teodomiro e o seu fillo, Miro, no terceiro cuarto do século VI, cuando se celebraron nestes reinados os Concilios nacionais suevos de Braga (o primeiro en 561 e o segundo en 572) e Lugo (o primeiro en 569 e o segundo en 570) unha de cuías principáis labouras foi a de aprobar a división eclesiástica, sobre todo a parroquial de Galicia, que os visigodos non conoceron deica o reinado de Wamba, xa no derradeiro tercio do século VII. E a conquista da Monarquía sueva por Leovixildo (579) non desfixo esta fusión, pois a Galicia reconocéronlle os visigodos un certo réximen autonómico dentro da súa Monarquía, si-nón que, pola contra, o exemplo suevo-galego foi un constante estímulo para que se levara a cabo a do resto de España como o fixo Recaredo, fillo e sucesor de Leovixildo.

Por eso a tradición cristiana de Galicia é a máis antiga de España, porque formada na época romana ao mesmo tempo que a das outras rexións, tanto ou máis romanizadas que ela, non foi, con todo, interrompida por tan longo tempo polo arrianismo, nin tampouco foron extrañas as súas tradicións e costumes ao pobo xermánico conquistador sinón que se fundiu con el, mentres que os visigodos tardaron casi dous séculos en compenetrárense coa poboación hispano-romana da Península.

O maior contacto dos suevos con Galicia, que se convertiu para eles na súa propia terra, levounos a se compenetraren coas súas tradicións, crencias e outras formas culturáis, o mesmo coas romanas de orixen máis intelectual que coas celtas de orixen popular. Por eso ten razón García Villada cuando, apoiando a tese de Gaspari, sostén que a influencia xermánica en España serviu para que aumentaran e non se desterrara o que el considera prácticas supersticiosas e que non son máis que as vellas crencias pre-romanas. E isto é sobre todo verdade de Galicia, na que a presenza dos suevos

servíu para acentuar o carácter céltico da terra a través das súas vellas crencias que se incorporaron ao mundo relixioso cristián.

Non é só na Igrexa mesma, na súa organización eclesiástica do clero secular da diócese e parroquia en que é máis antiga que no resto de España a tradición relixiosa de Galicia e tamén a máis constante e menos interrumpida, sinón tamén na monacal, que é sueva e anterior á conquista da nosa terra coa súa Monarquía suevo-galega polos visigodos, cuando aínda eran estes belicosamente arriáns e non sentían grande estimanza pola Igrexa romana. E aínda é probable que un dos factores que contribuíron no reinado de Recaredo, a fins do século VI, á fusión nacional de tódolos elementos da monarquía xermánicos e hispanorrománs, e á conversión do rei ao catolicismo fora a anexión de Galicia na que xa estaban fusionados había moito tempo eses elementos, como o estaban tamén nas Galias dos francos e era moi difícil xa desandar o camiño para os desfusionar.

As fundacións monacales da Galicia sueva, comenzadas pola metade do século VI, son as máis antigas da Península. A anexión da Galicia sueva á monarquía visigoda non interrumpíu estas fundacións, sinón que continuaron vivas no reinado de Leovixildo (conquistador do reino suevo) e poucos anos máis tarde no do seu fillo Recaredo, puideron ter maior vida coa conversión do monarca visigodo ao catolicismo. No século VII, na época de San Fructuoso, arcebispo de Braga, xa a mediados dese século, e de San Valerio, fundador de mosteiros no Bierzo, as órdenes monacales galegas recibiron un gran impulso e estaban nun período de gran florecemento cuando os árabes, a comenzos do século VIII, invadiron a Península. Eses mosteiros foron sin dúbida un dos factores que contribuíron á resistencia galega contra o invasor agarenos; e foron un punto de refuxo e repoboamento das terras galegas nos primeiros anos da Reconquista.

Hai varias notas que distinguen as fundacións monacales, o mesmo as suevas que as visigodas, de Galicia das do resto de España, indicadoras dun meirande respecto polas vellas tradicións e crencias do país e tamén un meirande vencello á terra onde se levantaron.

A alma das primeiras fundacións monacales na Galicia sueva foi San Martiño de Braga ou de Dumio, primeiro abade do mosteiro fundado por el neste lugar veciño a Braga e logo metropolitán de Braga, a capital civil e eclesiástica da Galicia sueva no reinado do rei Teodomiro, o grande rei lexislador do pobo suevo, que tivo a San Martiño, panonio de nacemento, como principal conselleiro. San Martiño de Braga e o rei Teodomiro representan o período de máximo esplendor cultural

da monarquía suevo-galega. San Martiño, consciente da situación espiritual da Monarquía decatouse de que a súa labora evanxelizadora tiña que se proxectar en dúas distintas direccións: unha, de cara á propia Galicia sueva, para des- arraigar ou polo menos absorber as vellas creencias célticas que sobrevivían na rexión en parte pola protección que lle dispensaban os mesmos suevos; e outra, de cara a Roma, que o tiña enviado probablemente a Galicia para manter a fidelidade da monarquía suevo-galega á sé romana. San Martiño, natural da Panonia, na chaira central europea, onde están hoxe Austria e Hungría, e que era unha das rexións máis romanizadas de Europa, sentía fortemente a fidelidade a Roma, e botaba de ver que na Península no extremo da Europa occidental estaba continuamente ameazada pola discordia arriana, que dominaba na monarquía visigoda e por influencia dos reis godos tiña triunfado, inda que por pouco tempo, tamén en Galicia.

Francisco Elías de Tejada e Gabriela Percopo, no seu estudo *El reino de Galicia hasta 1700*, destacan este dobre labor do grande evanxelizador do reino suevo de Galicia: “Casi más que el estudioso (San Martín) interesa el apóstol, el varón de obras, el fundador de monasterios y rector de la vida espiritual de su pueblo, en una acción que proyectó en dos caminos, asegurar la fidelidad de los suyos a la sede romana y combatir los restos de la paganía celta, aferrados a innumerables cultos naturalistas sobre todo en las comarcas campesinas. A lo primero fue el atleta destructor de lo que llamó “ariana pestis”, en carta al obispo Bonifacio... A lo segundo, luchó contra la perseverancia del celtismo en el terreno religioso. Su *De Correctione rusticorum* muestra la continuación del culto a las fuentes y a los bosques, a las piedras y a los árboles, pese a la decisión del cristianismo; los antiguos ritos encendían aún la piedad de las gentes campesinas conviviendo con la aparente cristianización. San Martín ve en estos ritos antiquísimos, más que la resistencia a las enseñanzas de Cristo, la maña maligna del demonio. Los que son adorados en fuentes, ríos, bosques o mares son “multi demones”, la herencia celta apegada al terreno igual que bruma mañanera tejida de “supersticiones vanas”.

San Martiño triunfou plenamente no seu primeiro labor, o de loitar contra o arrianismo de influencia visigoda mantendo a fidelidade da Igrexa suevo-galaica a Roma; pero, en cambio, só triunfou a medias na outra empresa, pois para vencer as vellas creencias célticas tivo que pactar con elas. Por eso bon número dos novos mosteiros fundados na época sueva e na visigoda, herdeira da primeira, establecéronse nos antigos lugares en que as xentes campesinas galegas adoraban ás fontes, ás pedras sagradas, aos bosques ou aos montes.

Nalgúns dos mosteiros galegos é moi visible a súa orixen

céltica, a súa vinculación ás vellas crencias e a estreita relación que existe entre o novo templo cristián e o antigo lugar de adoración pre-cristián, céltico ou pagán. Un deles é o mosteiro de Moraima, perto de Muxía, que é a única vila galega cuio nome é o de mosteiro ou "monxía", que deste modo o recibe de este mosteiro ao que se engadiu máis tarde o de Ozón. E en Muxía, como parte da función relixiosa, adóranse, o día da romería, aínda hoxe a famosa romería de Nosa Señora da Barca, a pedra de abalar e a pedra dos cadrís. Neste santuario uníuse máis tarde a lenda xacobeá da barca do Apóstol, coa tradición das pedras sagradas e curativas célticas.

Estes vellos mosteiros, os máis vellos da Península, os suavo-galegos e os visigodo-galegos, conservaron a súa regra propia visigoda galaica deica o século X, que marca o ascenso da marea bieita, símbolo do poder e da aristocracia na vida monacal de Galicia. Neste século foi tan grande a influencia da orden bieita, unida a Roma e ao mundo europeo, que non só se crearon coa súa regra os novos mosteiros que entón se ergueron en Galicia, algúns como os de Sobrado dos Monxes e Celanova, que figuran entre os máis importantes da rexión, sinón que esta regra desplazou nos vellos mosteiros a tradicional galaica de San Fructuoso.

Nesta invasión bieita da vida monacal galaica, a partir do século X, a nova orden respeitou a tradición deses mosteiros e non tratou de desarraigar deles a adoración dos lugares pre-cristiáns que alí se adoraban, foran as fontes, as pedras ou os árboles. Por eso se equivocou Manuel Curros Enríquez cuando na súa famosa sátira anticlerical dirixida ao santuario de San Benito de Cova de Lobo, ve nel unha andrómena dos bieitos para sacar diñeiros á xente co suposto poder curativo das pedras sagradas; pois non percibe o poeta galego que os bieitos non inventaron esas pedras sagradas, e limitáronse simplemente a reconcelas como tales, pois xa antes deles, moitos séculos antes de que alí se estableceran os bieitos, tiñanas reconecido na época sueva e visigoda os primeiros mosteiros galegos fundados coa regra de San Fructuoso; e moitos séculos tamén antes, na época pre-cristiana, funcionaban xa esas fontes e esas pedras como sagradas e con poder para unha serie de males.

As primeiras fundacións foron as de San Martín de Braga ou de Dumio. O mesmo foi o primeiro abade deste nome Dumio, nas cercanías de Braga, na capital da monarquía sueva. San Martín foi o primeiro grande fundador monacal da Península Ibérica polo mesmo tempo en que xurdían en Italia con San Bieito, en Irlanda con San Columbano e San Columba, os grandes fundadores de mosteiros europeos entre os que figura Santín por dereito propio.

San Martiño, panonio de nacemento, de terras veciñas ao

Imperio román de Oriente, conoía as regras dos mosteiros do Próximo Oriente (Terra Santa, Grecia, Exipto, etc.) que tiñan sido os primeiros en se organizaren. Sabemos que fundou en 550 o mosteiro de Dumio. Pero carecemos de noticias exactas sobre os outros mosteiros que fundou nas terras da *Gallaecia sueva*. Só sabemos que fundou outros mosteiros; entre os que se dan como probables da súa fundación figuran os de Samos e o de San Esteban de Ribas de Sil, éste na “Ribeira sagrada”, na zona en que se unen o Sil e maillo Miño para formar, a partir de *Enterríos*, a gran arteria fluvial de Galicia.

A súa laboura de fundacións monásticas non foi tan extensa, ou polo menos non é tan conocida como a de San Fructuoso, que a levou a cabo un século máis tarde no período de florecemento da monarquía goda en España, que coincidiu cos reinados de Chindasvinto (642-653) e Recesvinto (653-672). Pero a importancia deste labor foi extraordinaria, precursora, ademáis da de San Isidoro na monarquía visigoda e da de San Fructuoso na *Gallaecia sueva*, xa incorporada á visigoda. Por eso di Fray Justo Pérez de Urbel, o historiador da orden bieita en España, que “antes de San Benito (ou sexa, antes da aparición da orden bieita en España) aparecieron en Galicia las dos grandes figuras de San Martiño de Braga y de San Fructuoso.”

Por esa mesma razón o propio Fray Justo Pérez de Urbel, na súa obra *Las grandes abadías benedictinas* coloca na súa lista en segundo lugar, inmediatamente despois da de Monte Casino, fundada por San Bieito (527), a galega de Samos, na actual provincia de Lugo, dando por fundadores desta abadía a San Martiño de Braga e logo a San Fructuoso<sup>2</sup>.

Case un século xusto media entre as fundacións monacáis de San Martiño de Braga (a de Dumio foi no 550) e as de San Fructuoso, que en 646 terminou a fundación do mosteiro de Compluto no Bierzo, do que foi patrón o rei visigodo Chindasvinto. A diferenza de San Martiño de Braga, que era un panonio chegado a España, á *Gallaecia sueva*, probablemente enviado como evanxelizador pola sé romana, San Fructuoso era un hispano-godo, natural de Toledo, de familia aristocrática emparentado co rei Sisnando (631-636) e tamén con San Braulio. Estudou en Plasencia, que era entón un dos principais centros de educación eclesiástica no Norte de España. De 640 a 650 recorreu todo o Occidente de España deica a illa de Cádiz fundando mosteiros. Cuando iba embarcarse para os Santos Lugares, o rei Recesvinto detívoo nomeándoo bispo de Dumio, a casa matriz monacal fundada por San Martiño

<sup>2</sup> Fray Justo Pérez de Urbel: *Las Grandes Abadías Benedictinas*, Madrid, 1924.



de Braga ou de Dumio. Máis tarde nomeóuno o propio Recesvinto metropolitán de Braga, sendo consagrado para tal cárrago polo X Concilio de Toledo (656).

A vinculación de San Fructuoso con Galicia tiña comenzado xa, antes de que fora nomeado abade e bispo de Dumio, no Bierzo, onde fundou o mosteiro de *Compluto* (646) no reinado de Chisdasvinto, e logo os de San Pedro del Monte e San Pedro de Peñalba.

O seu grande labor fundacional pertence ao reinado de Recesvinto, do que foi un dos principais conselleiros, cando era primeiro bispo de Dumio e logo metropolitán de Braga. Este labor alongouse a toda Galicia e de unha maneira particular á actual provincia de Pontevedra, na que fundou o mosteiro de San Salvador de Coruxo, outro na illa de Tambo, o de Calogo e supónse tamén o de San Xoán de Poio, hoxe mercedario, e o de Tenorio<sup>3</sup>. Un dos santuarios galegos máis antigos, o de Santa María da Franqueira (Pontevedra), é deste tempo, pois xa aparece no século VIII<sup>4</sup>.

Na actual provincia da Coruña fundouse o de San Martiño de Churío, anexo de Santa María de Mántaras, en Irixoa, perto de Betanzos. Manuel Rubén García Álvarez menciona o de Santa María de Mezonzo, fundado polo abó de San Pedro de Mezonzo, a dúas léguas de Curtis, o cual “como otros muchos de Galicia sus orígenes se remontaban a la época visigoda”<sup>5</sup>. Hipólito de Sá Bravo indícanos a orixen visigoda de algúns deses mosteiros: San Martiño de Mondoñedo, Samos (na provincia de Lugo); San Esteban de Ribas de Sil, Santa Comba de Bande, na de Ourense; San Bartoloméu de Tuy, San Miguel de Couselo, na de Pontevedra, e outros tres máis na de Ourense: Santa Cristina de Ribas de Sil, Melón e San Clodio<sup>6</sup>.

Dúas eran as zonas principais da actividade fundacional monacal neste tempo en Galicia: a do Bierzo e a *Ribeira sagrada* do Sil e do Miño na comarca en que se unen estes dous grandes ríos galegos na provincia de Ourense. Nesa *Ribeira sagrada* había “ochenta monasterios y eremitorios en la ribera del Sil”<sup>7</sup>.

A zona principal destas fundacións monacais era o Bierzo, na actual provincia de León, que pertencía ao bispado de Astorga, parte da entón monarquía sueva e que sigue hoxe dependendo da metropolitana de Galicia: “la zona del Bierzo, con su centro en Astorga, es región importantísima con nu-

<sup>3</sup> Hipólito de Sá Bravo: *Los Monasterios 1*, Pontevedra, 5-7, 42.

<sup>4</sup> Hipólito de Sá Bravo: *Los Monasterios 1*, Pontevedra, 42.

<sup>5</sup> Manuel Rubén García Álvarez: *San Pedro de Mezonzo*, Madrid, 1965, 29.

<sup>6</sup> Hipólito de Sá Bravo: *Monasterios 1*, Pontevedra; 2, La Coruña; 3, Lugo; 4, Orense.

<sup>7</sup> Matilde López Serrano. Arte Visigoda, *Historia de España*, dirigida por R. Menéndez Pidal, vol. III, 737.

merosos monasterios fechados y por la gran fama y autenticidad de los dos grandes fundadores San Fructuoso y San Valerio”<sup>8</sup>.

O Bierzo foi entón un dos principais centros de ensino e de misioneiros fundacionais de toda España: a semellanza da escola de Sevilla —di Pérez de Urbel— creáronse outras moitas. Son famosas as de Toledo, Mérida, Zaragoza e Palencia, que se alonga nos mosteiros do Bierzo. (Os mosteiros son os centros do saber e os monxes os seus principais padíns. Os escritores de aquel tempo saen case todos dos mosteiros do Bierzo; de Agali, Toledo; de Santa Engracia, Zaragoza; e de Santa Eulalia, de Mérida<sup>9</sup>.

Dos mosteiros berciáns saíron homes de letras e tamén monxes que chegaron a Galicia e a outras partes de España para axudarlle a San Fructuoso no seu labor fundacional: “Por Tabeirós —di Hipólito de Sá Bravo— hasta Arcos de Furcos y Cuntis, monasterios mencionados en la *Compostelana*, para seguir a San Miguel de Couselo, el viejo monasterio hoy desaparecido, tenido como uno de los más antiguos de la provincia, y de allí a Santa Marina de Carracedo, fundado por monjes llegados del Bierzo”<sup>10</sup>.

Destes mosteiros berciáns saíron numerosos bispos: “interés especial —di Pérez de Urbel— tiene el grupo gallego de monasterios fundados por San Fructuoso. De ellos salieron, en la mitad del siglo VII, numerosos obispos”<sup>11</sup>.

No século VII, que marca o esplendor da monarquía visigoda en España, cuia capital estaba xa en Toledo, no centro da Península Ibérica, e non nas Galias, como na época anterior, houbo dous grandes directores e lexisladores da vida monacal hispánica: San Isidoro de Sevilla —a capital metropolitana da Bética— que o foi dos mosteiros do Sul de España, na primeira parte dese século; e San Fructuoso, metropolitán de Braga, capital da *Gallaecia*, que o foi dos do Norde, con centro en Braga, na segunda metade deste século.

San Fructuoso é o gran lexislador monacal da monarquía visigoda, con centro en Galicia, nos dous reinados dos grandes reis lexisladores Chindasvinto e Recesvinto. Consciente San Fructuoso de que o seu labor monacal non terminaba coa fundación dos mosteiros, senón que debía continuar ao longo da vida monacal, preocupouse de lles dar a esas institucións as súas propias regras e de as manter unidas baixo unha autoridade común. Nesto como noutros aspectos da vida monacal, anticipouse San Fructuoso a algunhas das reformas

<sup>8</sup> Matilde López Serrano, o. c., 737.

<sup>9</sup> Fray Justo Pérez de Urbel, *Las letras en la España visigoda*, en *Historia de España*, dirixida por R. Menéndez Pidal, vol. III, 470.

<sup>10</sup> Hipólito de Sá Bravo: *Monasterios I*, Pontevedra, 5.

<sup>11</sup> Justo Pérez de Urbel, o. c., 477.

que moitos séculos máis tarde emprenderían os reformadores da orden bieita, que crearon nela a obediencia de Cluny e a do Cister. A regra de San Fructuoso foi a alma dos mosteiros galegos, non só durante a época visigoda, senón tamén nos primeiros séculos da Reconquista, nos dous primeiros que se estenden polo período da *monarquía asturiana*; e só foi desplazada, xa durante a *monarquía leonesa*, no século X, inda que só parcialmente, máis para as novas fundacións que para as vellas, pola de San Bieito.

A primeira das regras de San Fructuoso, dada para as súas comunidades monacáis foi a *Regula Monachorum*. Deuna para o mosteiro de *Compluto*, fundado por el no Bierzo. Pero esta regra non formulaba máis que as ideas xerais, polo que tiña que as desenvolver en instrucións máis concretas. Estas están contidas na *Régula communis* que deu para esas comunidades nunha das xuntanzas de mosteiros galego-visigodos que el presidiu tanto por ser metropolitán de Braga como por ser tamén o fundador de algúns deses mosteiros. A *Regula communis* eran unhas declaracións capitulares.

Esta regra é distinta en varios puntos importantes a cuantas existían hastra entón (as de San Bieito, San Agostiño, San Pacomio, San Isidoro, etc.). El conocía a regra de San Isidoro pero quería facer unha máis dura, de máis severa disciplina, na que o traballo tivera unha función especia<sup>12</sup>.

A regra de San Fructuoso “tiene un sello de gran originalidad dentro de la legislación monacal y es un monumento de severidad”<sup>13</sup>; “y también una aplicación a la vida monacal de los principios de organización jerárquica de la monarquía goda”<sup>14</sup>.

Pero a orixinalidade da regra de San Fructuoso vai moito máis alá da súa severidade disciplinaria e da súa organización visigoda, e está noutros valores máis positivos, que revela unha distinta conceición da vida monástica, distinta á isidoriana e á bieita, na que o traballo é unha das grandes virtudes humanas, que afectan por igual ao corpo e máis á alma, pois o santo exercicio escorrenta dun e da outra as tentacións perigosas. E este sentido da vida monacal, na que se honra o traballo como unha virtude, responde a un sentido profundamente galaico de respecto e estimanza polo traballo e de grande desconfianza polo ocio.

San Fructuoso, aristócrata godo, de sangue real, só tivo o sentido de autoridade con respecto á do abade sobre a co-

<sup>12</sup> Fray Justo Pérez de Urbel: *El monasterio en la vida española de la Edad Media*, Madrid, 1942, 35.

<sup>13</sup> Fray Justo Pérez de Urbel, Las letras en la época visigoda, en *Historia de España*, dirigida por R. Menéndez Pidal, vol. III, 477.

<sup>14</sup> Fray Justo Pérez de Urbel, Las letras en la época visigoda, 477.

munidade e á integración do mosteiro nunha comunidade superior, integrada por tódolos mosteiros galaicos, presidida polo metropolitán de Braga e bispo de Dumio que era o propio San Fructuoso; e de disciplina dentro da vida en cada mosteiro, disciplina que descendía máis do sometimento ás regras que á vontade do abade. En cambio tiña un profundo sentido democrático no que se refería á elección do Mestre en cada comunidade, que se deixaba á libre elección de ésta <sup>15</sup>, e na maior estimanza que se tiña polo traballo, sobre todo á riqueza acumulada, na vida monacal.

No seu sentido de organización xerárquica, anticipóuse San Fructuoso a algunhas das reformas bieitas francesas, como a de Cluny e a do Cister, que impuxeron a autoridade da casa central a tódalas outras fundacións fose cal for o lugar onde estiveran. El, como bispo de Dumio e metropolitán de Braga, era o presidente do Sínodo monacal dos mosteiros galegos que se axuntaban baixo a súa presidencia. Foi nun destes sínodos no que presentou a súa *Regula communis* para os seus mosteiros.

Neste sentido de xerarquía e de organización común e solidaria dos seus mosteiros, fixo que antes de se despedir dos monxes de San Pedro de Montes “les hiciera firmar un documento que nos refleja con viveza y claridad el espíritu de aquellas fundaciones y de su fundador. Es el pacto que se impuso en toda la España del Norte que, conservaría su fuerza legislativa en los monasterios de la Reconquista hasta que los desalojó definitivamente de la regla de San Benito” <sup>16</sup>.

Na vida interior dos mosteiros, a disciplina era máis a obediencia ás regras da fundación que a vontade do abade. Para Pérez de Urbel a xerarquía visigoda dalle á organización destes mosteiros “un carácter democrático e individual”. “El abad puede guardar las tradiciones monásticas como el rey las costumbres godas y de su incumplimiento venía la deposición consiguiente” <sup>17</sup>.

Pero en cuanto á obediencia ás regras mantíñase a disciplina por medio de inspeccións, que eran máis severas na regra de San Fructuoso que na de San Isidoro, pois mentras éste as reducía a unha mensual, o metropolitán esixía dúas á semana <sup>18</sup>.

---

<sup>15</sup> Fray Justo Pérez de Urbel, *Las letras en la época visigoda*, o. c., vol. III, 470.

<sup>16</sup> Fray Justo Pérez de Urbel: *El monasterio en la vida española de la Edad Media*, 478.

<sup>17</sup> Fray Justo Pérez de Urbel, *Las letras en la época visigoda*, o. c., vol. III, 477.

<sup>18</sup> Fray Justo Pérez de Urbel: *El monasterio en la vida española de la Edad Media*, 35.

Un dos rasgos máis orixináis da regra de San Fructuoso, que a distingue da de San Bieito e máis aínda da de San Isidoro é a importancia que nela se lle asignaba ao traballo, que revela unha idea profundamente arraigada na alma galega, de considerar ao traballo como unha, ou quizáis a primeira, das funcións nobres que pode emprender o home, en contraste co sentido que domina en gran parte do resto da Península, na que o traballo se consideraba como unha función humillante e a veces degradante para o que o practica, e o ocio como a aspiración máis nobre do ser human.

Pérez de Urbel sinala a diferenza que existía xa no século VII entre dúas concepcións da vida monacal: a señorial, unida ás fundacións isidorianas, e a agrícola, un de cuílos exemplos máis ilustres eran as fundacións visigodas galegas de San Fructuoso e de San Valerio: "ya en el siglo VII —di Pérez de Urbel— existían el monasterio que podíamos llamar señorial, y el agrícola. El primero es el que nos pinta la regla isidoriana rico de oro, joyas, siervos, tierras, ganados, centro de una complicada organización" <sup>19</sup>.

Este mosteiro señorial podía tamén dedicarse ás labores agrícolas, pero facíao con un sentido de terrateniente, de señor de terras largacías, cultivadas máis polos seus servos e colonos que polos monxes do seu mosteiro. É o mosteiro, di Pérez de Urbel, que dirixe os traballos do campo, prefixa o cultivo razonable do chan, transforma os ermos en terras fértiles, sanea o chan, crea granxas, regula a distribución da riqueza, serve de asilo aos restos das civilizacións antigas, protexe ás moitedumes que viven á súa sombra e, en momentos de carestía, abre xenerosamente as súas tullas.

O mosteiro agrícola xermánico-galego de San Fructuoso non é unha rica explotación agraria, na que o mosteiro é o empresario e os obreiros os servos e colonos, como era o mosteiro isidorián e logo foron os que se crearon en Francia na época de Carlomagno. Este mosteiro de explotación agrícola señorial non entrou en Galicia deica o século X cos de Sobrado dos Monxes e Celanova na época do reino de León.

O auténtico mosteiro agrícola galego da tradición de San Fructuoso e do seu discípulo e biógrafo San Valerio era pobre e mantiñase do traballo dos seus monxes, que eran verdadeiros obreiros: "en cambio, San Fructuoso nos introduce en comunidades preocupadas por la escasez, que se ajustan a todas las fatigas de la colonización. Los vemos (San Fructuoso y San Valerio) al frente de sus discípulos preparando el terreno, aportando los materiales y dirigiendo las construcciones. Los monjes deben someterse a los más duros trabajos" <sup>20</sup>.

---

<sup>19</sup> Fray Justo Pérez de Urbel, o. c., 56.

<sup>20</sup> Fray Justo Pérez de Urbel, o. c., 56.

Nesta modesta empresa agrícola o monxe é o verdadeiro obreiro, e non o servo e o colono.

Na regra de San Fructuoso, o traballo era tan importante como o rezo, pero para o clérigo e non para o colono. O santo tiña un sentido reverencial do traballo que o levaba a velo como a fonte fresca da virtude e o dique máis rexo contra o vicio: “el rezo alternaba con el trabajo —di Pérez de Urbel—, el cuidado del ganado, el escritorio, la huerta, las colmenas, el telar, la albañilería”<sup>21</sup>.

A razón de que o monxe traballara non era só material, senón aínda máis espiritoal “porque la ociosidad es el cebo de la lujuria y el trabajo, en cambio, debilita los vicios”<sup>22</sup>.

Un grupo especial dentro da organización monacal establecida por San Fructuoso eran os chamados mosteiros familiares, tanto pola súa organización e réxime interior como polas súas propiedades e economía: “San Fructuoso nos habla de un tipo de monasterio familiar —di Pérez de Urbel— que nos instruye además de cómo los monasterios quedaban en el orden patrimonial en la propiedad de sus fundadores, con lo que en su propio beneficio redundaba el incremento a su patrimonio. Precisamente el régimen monacal, sobre todo en su aspecto patrimonial, fue tomado como modelo por los fundadores de iglesias para independizarlos de la ley diocesana con sentido patrimonial. Hay otros testimonios de la apropiación de monasterios y de estos llamados monasterios familiares”<sup>23</sup>.

De este tipo de mosteiro familiar, e da súa supervivencia en Galicia nos anos da Reconquista temos un testimoño que se refire á fundación, probablemente no século IX, da igrexa e mosteiro de Santa Eulalia de Curtis por Placencio, abó do futuro San Pedro de Mezonzo: “Placencio fue quien inauguró la repoblación de aquel terreno abandonado, haciendo uso del derecho de presura. Empezó por construir una iglesia consagrada a Santa Eulalia, un lugar que dio su nombre y en donde hoy está la aldea de Chacente. Tiene dotes de mando, y bajo su autoridad se ha reunido un grupo de hombres, criados y siervos, los unos, amigos o consocios los otros, que forman una comunidad religiosa. Son monjes que manejan el arado y la azada, que acarrear la piedra, que plantan y siembran y construyen edificios y guardan los rebaños”<sup>24</sup>.

<sup>21</sup> Fray Justo Pérez de Urbel: *Las grandes abadías benedictinas*, Madrid, 1924, 477.

<sup>22</sup> Fray Justo Pérez de Urbel, o. c., 477.

<sup>23</sup> Fray Justo Pérez de Urbel, *La Iglesia en la España visigoda. Historia de España*, dirigida por R. Menéndez Pidal, vol. III, 233-34.

<sup>24</sup> Manuel Rubén García Álvarez: *San Pedro de Mezonzo*, Madrid, 1965, 64.

Cos mosteiros de varóns fundáronse tamén outros de mulleres, unhas veces totalmente arredados uns dos outros, e outros xuntos, denominados mosteiros dobles, favorecidos por uns e impugnados por outros. A actitude de San Fructuoso neste punto non é presentada dunha maneira unánime polos seus biógrafos, pois mentres o autor da súa breve biografía en *The Catholic Encyclopedia*<sup>25</sup> dao como un dos seus meirandes favorecedores; outros, como Antonio Couceiro Freixomil<sup>26</sup> decláranos enemigo delas.

A tradición dos mosteiros dobles, común a toda Europa desde a época de San Pacomio (século IV) seguiu moi viva en Galicia como o demostra a fundación do mosteiro de Sobrado dos Monxes polo conde Hermenegilde e a súa dona, dona Paterna, quenes, en idade avanzada, ergueron nas terras de Sobrado "una iglesia con los edificios necesarios para una comunidad de mujeres y otra de varones"<sup>27</sup>.

San Valerio, natural de Astorga, de familia acomodada, que levou unha vida un tanto disipada antes de se converter en monxe, presentándose para elo ante o mosteiro *complutense*, fundado polo seu mestre San Fructuoso. San Valerio non desempeñou cargo algún importante e menos o de metropolitán de Braga, como San Martiño e San Fructuoso. O seu labor é máis de escritor que de fundador de novos mosteiros; e a súa actividade desenvolveuse casi totalmente nas ríspidas montañas e os amables vales do Bierzo leonés, que pertencía entón a Galicia.

Como escritor deixounos tres relatos autobiográficos das súas andainas e adversidades na vida monacal: unha *Ordo querimoniae*, na que conta o seu retiro ás montañas veciñas a Astorga; outro *Replicatio* e outro *Residuum* sobre os seus sofrentos en varias ermitaxes naquela comarca astorgana e berciana. Tamén nos deixou dúas biografías de monxes unidos á tradición relixiosa de Galicia; a *Vida da beatísima Egeria*, a famosa monxa galega de fins do Imperio román que foi en pelerinaxe aos Santos Lugares, e outra do seu maestro San Fructuoso. Compuxo tamén unha obra sobre a vida monástica, *De genere monachorum*, na que condena os mosteiros familiares ou patrimoniáis<sup>28</sup>.

Na vida monacal de San Valerio hai dous aspectos un tanto distintos: un intelectual, de relator da súa vida e de vidas alleas inda que estes relatos se refiran a monxes e ás súas actividades monacáis; e outro de moralista e definidor desa vida. Na primeira é un escritor de singular mérito; e na se-

<sup>25</sup> *The Catholic Encyclopedia*, vol. VI. London, 1967, 218.

<sup>26</sup> Antonio Couceiro Freixomil: *Diccionario biobibliográfico de escritores*, vol. II, Santiago de Compostela, 1952, 100.

<sup>27</sup> Manuel Rubén García Álvarez, o. c., 51.

<sup>28</sup> *The Catholic Encyclopedia*, vol. XIV, 120.

gunda amosa o seu parentesco con San Fructuoso. Menéndez Pidal estudou o primeiro aspecto, o de escritor, e Pérez de Urbel, o segundo, de guía da vida monacal do seu tempo nos mosteiros do Norte de España.

“El póstumo en esta fecha de todo este grupo literario —di Menéndez Pidal— es un monje que vive muy lejos de la docta Toledo y enriscado en las montañas de León: San Valerio, abad del Bierzo, muerto en 695. Libre de todo influjo de la Antigüedad clásica se inspira en los historiadores del monasterio bizantino, Rufino de Aquilea, San Gerónimo y demás para evocar en los yermos del Bierzo recuerdos de los Padres orientales de Tebaida”<sup>29</sup>.

E Pérez de Urbel referíndose ás regras que daba para os seus monxes, nas que exaltaba a función moralizadora do traballo, dinos que “San Valerio quería que mientras él derramaba gérmenes de sabiduría en las rudas inteligencias de sus discípulos, ellos fecundasen con su trabajo los campos que rodeaban a su oratorio; y les hacía plantar vides, ordenar en el huerto las legumbres, guardar los guisantes de la rapiña de los pájaros, construir nuevos edificios y ampliar los existentes”<sup>30</sup>.

EMILIO GONZALEZ LÓPEZ  
New York

---

<sup>29</sup> R. Menéndez Pidal: *Historia de España*, vol. III. *La España germánica*.

<sup>30</sup> Fray Justo Pérez de Urbel: *El monasterio en la vida española de la Edad Media*, Barcelona, 1941, 58.